



# Homilía no enterro de Carmen Muñoz, viúva de Rafael Dieste

**Modesto Vázquez Gundín, SJ**

O meu amigo Manolo Espiña pedíume onte á noite o favor de o suplir nesta Eucaristía e enterro de Carme, a viúva que se chamara sen máis Muller de Rafael, vendo nesa palabra a súa autodefinición, o seu destino e compromiso vital. Unha muller para ser apoio, forza moral, orde, alento e inspiración para o creador inqueda que era Rafael.

De xeito que se podería dicir das súas vidas que atoparan tal nivel de identificación de ideais que a primeira vivía no outro e o outro vivía na primeira.

Isto fainos comprender a razón máis fonda de que ata os corpos soterrados da parella se buscaran con paixón: non se poderían imaxinar mutuamente sen que a memoria de calquera dos dous puidera agromar no futuro sen levar consigo, como fundida no lume dunha forxa, a do outro.

No contexto que representa lembrar isto na Eucaristía de hoxe, danos que reflexionar a escena literariamente preciosa dos camiñantes de Emaús. Fala San Lucas de dous, un deles, Cleofás. Do acompañante sen nome, queda no ar a dúbida se non sería a súa muller: ¿que temos de feito na conversa?

Unha esperanza longamente convivida, unha tristura e desilusión compartida. Unha fala onde non se pode distinguir qué di un ou qué di o outro dos dous camiñantes. Son os dous unha palabra única. O que Xesús responde tampouco non identifica qué ditos son dirixidos a un ou a o outro: son un, un corazón, unha alma, que estiveran

namoradas de Xesús e da súa figura poderosa en obras e palabras, unha ilusión que esmorecera ata morrer na escura atrocidade do Calvario.

Camiñar xuntos: a memoria que quixo deixamos Carme da súa existencia con Rafael. A ilusión de, sen perder a propia identidade, buscar aquelas coincidencias, esperanzas, proxectos que ían facendo converxer dúas almas en principio tan lonxincuas: unha fundamente galega, outra autenticamente cacereña. Sensibilidade rianxeira, de azuis mariños, ría, lanchas, pescadores, chuvias morriñentas e longos solpores atlánticos fronte á sensibilidade esteparia, de terra erma, soniqueira e parda, co sol e luz resplandecentes ata case cegar que ansiara Rosalía. O pulo creativo de Rafael co labor rigoroso, estruturante e creativo do silencio invisible de Carme.

Cando hoxe imos deixar repousando xuntos os restos dos dous namorados, que ben cadran as palabras diestianas que nos lembra a necrolóxica do Concello deste Rianxo amigo: *Carme, verás que misteriosa e fonda é a certeza do porvir ou a eternidade deste noso cariño.*

Na memoria de Cristo resucitado, compañeiro de camiño, descoñecido e amigable, nas súas palabras limpas e ó mesmo tempo misteriosas, descubrimos o valor daquela promesa, a razón de vida definitiva que veñen soterradas e como loitando por agromar nunha vida, en toda vida, traspasada de utopías e sufrimentos: *¿non cumpría que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na gloria?*

Hai nesas palabras a revelación para todo crente, diría eu para todo crente no ser humano, aínda que non crea no Deus que se nos revela en Cristo, de que o proxecto de vida definitiva de Deus non se leva adiante senón a través de individuos que, coa carraxe do seu amor utópico por un mundo libre e mellor, afrontan as angustias e sufrimentos do pobo como elemento redentor e creador de vida.

Carme e Rafael souberon afrontar as duras condicións de campos de concentración, do desterro e da incompreensión, coa esperanza de que un día outra Galicia e outra humanidade xurdiría da súa entrega sacrificada.

É un dos grandes misterios da humanidade: construimos o futuro sabendo que é preciso que soamente pola entrega de moitas vidas, soterradas por forza de sistemas inhumanos, é como se levantan novas culturas de tolerancia, respecto e de paz.

Cristo mesmo nolo deixou dito na súa vida e máis aínda na súa cruz.

El, camiñante amigo no medio de nós, sen sabermos en quen toma corpo e fala amigable, invítanos neste día a non só non perder a esperanza, non só a non fuxir da comunidade e da cidade humana, senón que alí onde dous ou mais están dispostos a compartir mantel, amizade, conversa amigable e transcendente, aí se sementa a urxencia de voltar ó encontro dos que xa non poderán renunciar a traballar por un mundo novo en liberdade, comprensión e xustiza.

Que co seu inseparable Rafael, Carme, repousando no seu Rianxo querido, como filla adoptiva que é, con tantos ilustres rianxeiros como deus e dá esta vila, siga contribuindo a facer cada día desta vila o centro que xa é de convocatoria dunha Galicia máis digna, máis gostosa de si mesma, máis consciente da súa vocación de compartir con tódolos pobos sufridos, pero non resignados, senón utópicos e realistas o seu compromiso pola tolerancia, o respecto, a dignificación de tódolos pobos, linguas e etnias.

Acougade en Paz, Carme, Rafael, con Cristo Resucitado, na súa vida definitiva.

**Modesto Vázquez Gundín**